ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE ESCAVACIÓN E CONSOLIDACIÓN NO XACEMENTO DOS CASTROS, LOURIDO-SOUTOLOBRE (SALVATERRA DE MIÑO, PONTEVEDRA), CAMPAÑA 2026.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende formalizar co Concello de Salvaterra de Miño, unha addenda ao convenio de colaboración arriba referido para a modificación do período de vixencia establecido, ampliando a mesma ata o 30 de novembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Salvaterra de Miño, a realización da escavación e consolidación no Castro dos Castros, (Salvaterra de Miño, Pontevedra). campaña 2026, co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que a addenda ao convenio que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Tendo en conta os valores culturais que posúe o xacemento dos Castros, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o Concello de Salvaterra de Miño consideran necesario realizar neste ano 2026 novos traballos arqueolóxicos de escavación, consolidación e acondicionamento para favorecer a súa posta en valor e tamén para afondar no coñecemento deste sitio arqueolóxico e así avanzar na súa investigación e caracterización.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

Asinado por: MIRAMONTES CARBALLADA, ANGEL
Cargo: Director Xeral de Patrimonio Cultural
Data e hora: 14/09/2026 15:05:20

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: kxAY4IwywVG8 https://sede.xunta.gal/cve